

Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 156, do 29.9.1983.

Emendas, BOPG núm. 172, do 8.11.1983.

Debate de totalidade, DSPG núm. 56, do 29.11.1983.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 432, do 19.6.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 439, do 29.6.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 439, do 29.6.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 123, do 9.7.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 452, do 19.7.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 160, do 22.8.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 275, do 16.11.1985.

Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia

O Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 30.I.1 e 3, ó atribuírle á nosa Comunidade a competencia exclusiva en materia de fomento e aplicación da actividade económica e nas de agricultura e gandería, dálle a posibilidade de resolver algúns dos problemas que lle afectan á rentabilidade económica e social da actividade agraria, de tanta relevancia na vida rural galega. Entre estes problemas, o esnaquizamento da propiedade en múltiples leiras e a cativa dimensión das explotacións minifundarias constitúen eivas moi graves ás que pretende poñer remedio a presente Lei.

A necesidade de acomete-la transformación das estruturas agrarias galegas, plantexadas con maior urxencia pola adhesión española á CEE, esixe instrumentos axeitados á nosa realidade e coherentes coa función social da propiedade, proclamada no artigo 33 da Constitución española. A aplicación dunha Lei de Concentración Parcelaria, acorde coa solidariedade que os tempos e a sociedade actuais demandan e que actúe agrupando leiras espalladas, constituíndo unidades de explota-

ción social e economicamente rentables e realizando as obras e melloras territoriais complementarias, pode levar a adiante a devandita transformación.

Unha lei destas características ha de ter moi en conta o feito diferencial do país onde vai actuar e neste caso debe tinxirse coas experiencias culturais e xurídicas básicas que teñen unha tradición consuetudinaria. Así, a compañía familiar galega, que queda lexitimada para que poida ser titular de tódolos dereitos e obrigas que a iniciación e prosecución da concentración levan consigo.

Tamén, na mesma liña, quedan lexitimados o petrucio e o herdeiro titular da mellora de labrar e posuír, ó mesmo tempo que se vencellan os principios de indivisión do patrimonio familiar, sen merma-los dereitos dos demais lexitimarios. É o lugar acasado, como base da explotación agraria e da casa, comprendendo dentro dela non só o aspecto da vivenda labrega senón tamén a explotación agropecuaria composta de edificacións, terras, apeiros de labranza e os modernos medios mecánicos de explotación.

A presenza activa das Xuntas Locais ó longo de todo o proceso concentrador, desde a iniciación ata a Acta de Reorganización da Propiedade, acentúa a participación dos administrados e aporta garantías de dinamismo e seguridade.

Por se recoñecer no Estatuto de Autonomía, nos seus artigos 2 e 27.2, as parroquias e comarcas como elementos configuradores da nosa organización territorial e por se estimar marcos axeitados para as actuacións previstas nesta Lei, dáselles, prioritariamente, á parroquia pero tamén á comarca, a categoría precisa na realización dos traballos de concentración parcelaria.

Como anovamentos importantes establécense disposicións para protexe-lo patrimonio histórico-artístico de Galicia, así como a riqueza en especies forestais nobres e autóctonas, impedindo que os traballos da concentración poidan destruílos ou estragalos; créase un Fondo de Terras da zona que se vai concentrar coa finalidade de que se posibilite o incremento de superficie daquelas explotacións que non acaden o umbral de rentabilidade.

Contémplanse procedementos especiais para aplicarlos ás terras afectadas pola construción de grandes obras públicas, pola explotación de coutos mineiros ou naqueles casos nos que a concentración parcelaria se realice polos propios interesados sen interven-

ción directa dos servizos correspondentes da Administración.

Por todo o cal, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Concentración Parcelaria para Galicia.

Título preliminar

Artigo 1

É obxecto desta Lei a Concentración Parcelaria e a ordenación das fincas rústicas, para promover a constitución e mantemento de explotacións de dimensións suficientes e características axeitadas. A concentración parcelaria afectaralles ás fincas rústicas, calquera que sexa o seu específico destino agrario e a titularidade do seu dominio, posesión ou disfrute.

Artigo 2

1. Unha vez publicado o decreto da súa aprobación, a concentración parcelaria será obrigatoria para tódolos propietarios e titulares de dereitos reais ou de disfrute das fincas rústicas comprendidas dentro da área da concentración.

2. O adquirente, a título oneroso ou lucrativo, de fincas afectadas quedará sub-rogado en tódolos dereitos e obrigas do transmitente ou causante que se deriven do procedemento de concentración parcelaria.

Artigo 3

O acordo de concentración parcelaria delimitará a función social da propiedade que obriga ó seu titular a:

1.— Te-la terra cultivada conforme á súa capacidade agrolóxica e ó aproveitamento axeitado dos seus recursos.

2.— Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións reseñadas no artigo 52.

A este efecto, a Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario, ó aproba-lo acordo, dictará, oída a Xunta Local, resolución motivada, sinalando a unidade mínima de cultivo para a zona, que será a suficiente para que os labores mecanizados, utilizando os medios normais de produción, poidan executarse cun rendemento satisfactorio.

Título I

Disposicións xerais

Artigo 4

1. Nas zonas onde o fraccionamento da propiedade rústica e o minifundio agrario constitúan un problema social de carácter estrutural, por non permiti-la existencia de explotacións rentables, levarase a cabo, previo decreto acordado pola Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, a concentra-

ción parcelaria por razón de utilidade pública e interés social, conforme ó establecido na presente Lei.

2. Os gastos que ocasionen as operacións de concentración parcelaria serán satisfeitos pola Comunidade Autónoma a través da citada Consellería.

Artigo 5

A concentración parcelaria terá como finalidades primordiais as expostas nos artigos 1 a 4; a este efecto, e realizando as compensacións entre clases de terras que resulten necesarias e polos medios que se establecen na presente Lei, procurarase:

a) Adxudicar a cada propietario, en couto redondo, en lugar acasado ou no menor número posible de fincas de reemprazo, unha superficie de apreciable similitude, en extensión e clases, coa que aportou, e con valor correspondente ó asignado nas Bases de Concentración ás parcelas de procedencia, coas deducións que se deriven da aplicación do artigo 34.

b) Adxudicar contiguas as fincas integradas nunha mesma explotación, aínda que pertencen a distintos propietarios.

c) Empraza-las novas fincas de xeito que poida ser atendida do mellor modo a súa explotación desde a casa de labor ou desde a finca máis importante.

d) Establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo as fincas de reemprazo.

e) Producir-la inmatriculación rexistral da propiedade concentrada.

f) Que as explotacións agrarias constituídas teñan unha dimensión igual ou superior á economicamente viable prevista para a zona.

Artigo 6

1. A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá co Banco de Crédito Agrícola ou outras entidades crediticias os oportunos Convenios de Colaboración para a concesión de préstamos ós participantes na concentración parcelaria para aumentar-la extensión das parcelas ou das explotacións que na súa superficie non acaden a unidade mínima ou a dimensión viable; para liberar cargas e gravames das fincas incluídas na concentración; para o pagamento de débedas xustificadas, contraídas como consecuencia da concentración e, en xeral, para calquera outra finalidade que se relacione directamente coa concentración parcelaria.

2. Fomentarase, tamén, mediante axuda económica e técnica, a agrupación de pequenas explotacións ou de parcelas colindantes a efectos da súa explotación colectiva en réxime cooperativo.

Artigo 7

Cando ó solicita-la concentración dunha zona algúns dos titulares de explotacións, propietarios ou cultivadores, anuncien o seu propósito de constituír cooperati-

vas e xustifiquen de maneira racional e fundada que a concentración poida facilitar acadalas, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación terá en conta tal circunstancia primando á devandita zona ó establece-la orde de prioridade das concentracións que se van realizar.

Artigo 8

1. Cando, como consecuencia dun proceso de agrupación de explotacións ou aumento de dimensións das mesmas, os agricultores dunha zona concentrada poidan mellorar substancialmente a estrutura daquelas, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá revisa-la concentración sempre que se obteñan as maiorías referidas no artigo 16 desta Lei.

2. Nestes casos serán válidos os traballos xa realizados en canto resulten utilizables para o novo procedemento de concentración parcelaria.

Título II

Normas orgánicas

Capítulo I

Órganos

Artigo 9

A execución do procedemento de concentración levarase a cabo polos seguintes órganos:

a) Pola Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario, que actuará en cada provincia por medio da Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias.

b) Pola Xunta Local de Zona, coa colaboración do grupo auxiliar de traballo.

Artigo 10

As Xuntas Locais son órganos coloados coas competencias sinaladas no artigo 12.

Estarán formadas por:

1.— O Xuíz de Distrito no que xurisdiccionalmente se encadre a zona ou o Decano se houber varios, que a presidirá con voto de calidade; o Xefe Provincial de Estructuras Agrarias da Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario, que será Vicepresidente; e como vocais, un Rexistrador da Propiedade e un Notario da zona ou, de non haber determinación de zonas, o de distrito ó que por turno lle corresponda; dous Técnicos Agronómicos actuantes na zona; o Xefe da Axencia Comarcal do Servicio de Extensión Agraria onde estea encravada a zona; o Alcalde, ou Alcaldes dos Concellos; o Presidente ou Presidentes das Cámaras Agrarias Locais; o vocal ou vocais das devanditas Cámaras polas parroquias correspondentes; e catro representantes dos agricultores, no caso de lle afecta-la con-

centración a un só término municipal, ou dous por municipio, de abranguer máis de un término.

Actuará como Secretario, con voz e voto, un funcionario da Consellería que teña a condición de letrado.

O Xefe Provincial, os Técnicos Agronómicos e o Xefe da Axencia de Extensión Agraria actuarán con voz pero sen voto.

2.— As Xuntas Locais actuarán en Pleno e en Comisión Permanente. Compoñerán a Comisión Permanente o Presidente ou Vicepresidente, o Secretario, os Técnicos Agronómicos e tres dos representantes dos agricultores que estes elixisen ou, no seu defecto, os de menor idade.

3.— En caso de vacante dalgún dos cargos públicos citados ocupará provisoriamente o seu posto na Xunta Local a persoa que deba asumir legalmente as súas funcións, e, no seu día, a persoa designada ou elixida novamente para ocupa-lo cargo.

4.— Se a zona de concentración abranguese máis de un término municipal constituirase a Xunta no afectado en maior extensión.

5.— A Xunta terá o seu domicilio en local específico habilitado na zona ou, no seu defecto, no local do Concello correspondente, ós efectos de celebración de reunións, publicación de documentos e informacións orais. Os escritos e alegacións poderán presentarse, á

parte do previsto na Lei de Procedemento Administrativo e con tódalas súas garantías, en calquera das oficinas dependentes da Consellería dotadas de Rexistro, no Concello ou na Cámara Agraria Local correspondente.

Cando na Lei se mencione á Xunta Local, sen outra indicación, entenderase referida ó Pleno.

Artigo 11

Os agricultores que han de formar parte da Xunta Local de Concentración Parcelaria serán elixidos maioritariamente, coa asistencia polo menos da metade máis un dos propietarios e demais titulares interesados residentes na zona, en assemblea ou assembleas convocadas e presididas polo Presidente da Cámara Agraria Local correspondente, tras convocatoria enviada a tódolos referidos propietarios con 15 días de antelación á celebración da mesma. Se non se conseguise a maioría referida continuarase convocando a assemblea da expresada forma ata acadar aquela.

Capítulo II

Competencias das Xuntas Locais e grupos auxiliares de traballo

Artigo 12

Correspóndelle á Xunta Local:

1.— En Pleno:

a) Aproba-las Bases Provisorias e Definitivas.

b) Informa-los recursos de alza-da contra as Bases Definitivas.

c) Informa-lo Acordo de Concentración e os recursos contra o mesmo.

d) Informar, de propia iniciativa, sobre as cuestións da concentración parcelaria á Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, á Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario ou á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, e ser oída nas consultas que as mesmas lle formulen.

2.— En Comisión Permanente:

a) Colaborar na preparación das Bases Provisorias.

b) Estudia-las alegacións á enquisa das bases.

c) Prepara-las Bases Definitivas.

d) Asesorar nos proxectos de concentración, realizando consulta sobre os prazos de obras e mello-ras territoriais.

e) Estudia-las alegacións ás enquisas do proxecto.

f) Emitir consultas na preparación do Acordo.

Artigo 13

Os grupos auxiliares de traballo asesorarán á Comisión Permanente da Xunta Local e ós funcionarios da Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, colaborando con eles en tódalas fases do proceso de concentración nas que sexan

requiridos e cooperando nos traballos de investigación da propiedade, clasificación de terras, determinación de canles e masas de rega, servidumes ou serventías, determinación das explotacións agrarias en funcionamento, delimitación das zonas que haxan de adicarse á produción forestal ou haxan de roturarse, e en cantas cuestións de orde práctica contribúan ó mellor coñecemento e concreción das situacións de feito na zona.

Artigo 14

A Xunta Local, mediante convocatoria do seu Presidente, constituirase inmediatamente despois de publicado o decreto e disolverase unha vez que se teña formalizada a Acta de Reorganización da Propiedade.

Título III

Procedemento ordinario

Capítulo I

Normas xerais

Artigo 15

1. O procedemento de concentración parcelaria comprenderá as seguintes fases:

- Iniciación.
- Estudio de viabilidade.
- Decreto.
- Bases Provisorias.

— Bases Definitivas.

— Proxecto Provisorio de Concentración.

— Proxecto Definitivo de Concentración.

— Acordo de Concentración Parcelaria.

— Acta de Reorganización da Propiedade.

2. Cando algunha destas fases, ou parte delas, non estea totalmente regulada na presente Lei, aplicarase o disposto nas Disposicións Adicionais primeira e segunda.

Capítulo II

Iniciación

Artigo 16

1. O procedemento de concentración parcelaria poderá iniciarse a petición da maioría dos propietarios da zona para a que se solicita a mellora, ou da maioría dos titulares dos lugares acasados con actividade agraria e que teñan o principal das súas bases territoriais na zona, ou ben dun número calquera deles ós que pertenza máis do sesenta e cinco por cento da superficie que se vai concentrar. Esta porcentaxe quedará reducida ó cincuenta por cento cando os que soliciten a concentración se comprometan a explotalas súas terras de xeito colectivo.

2. A Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias abrirá información para comprobala realidade das maiorías invocadas, á que se invitará a tódolos propietarios e titulares de lugares acasados da zona non conformes coa concentración, para que fagan constar por escrito a súa oposición. A Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario apreciará os principios de proba presentados polos oponentes en función dos criterios establecidos na presente Lei.

Artigo 17

1. A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá iniciar a concentración parcelaria procurando a súa realización por comarcas ou subcomarcas concretas do territorio da Comunidade Autónoma Galega:

a) De oficio, cando a dispersión parcelaria e o minifundio agrario se presenten con acusados caracteres de gravidade nunha zona determinada, de tal maneira que a concentración se considere necesaria ou moi conveniente.

b) Cando a través da Consellería a insten os Concellos ou as Cámaras Agrarias, que farán constar as circunstancias de carácter social e económico que concorran en cada zona.

2. A Consellería poderá tamén iniciar-lo expediente de concentración:

a) Cando a causa da construción, modificación ou supresión de vías de camiño de ferro, autoestradas, camiños ou estradas, cursos fluviais, canles de rega, aeroportos, e outras obras públicas de análogo carácter, predominantemente liñal, se faga necesaria ou conveniente a concentración para reorganiza-las explotacións agrarias afectadas, mitigando a discontinuidade ou unha acusada redución superficial que a obra pública causase nelas.

b) Cando por causa da realización de obras públicas con carácter non predominantemente liñal, tales como construción de presas, saneamento de marismas ou terreos pantanosos, e transformacións en regadíos e outras, nas que a expropiación de parcelas se realiza normalmente a gran escala, afectando a un número importante de propietarios, se estime que o procedemento de concentración poida compensa-los efectos da expropiación e reordena-las explotacións que non desaparecesen coa execución da gran obra pública.

c) Cando, por causas da explotación de coutos mineiros, sexa necesaria unha importante cesión de terras de utilización agraria, de tal maneira que se estime que o procedemento de concentración parcelaria poida compensa-los efectos da expropiación e palia-lo problema social que se puidese plantexar.

Capítulo III

Estudio de viabilidade

Artigo 18

Solicitada a concentración parcelaria dunha determinada zona, a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias procederá a tramita-lo expediente realizando un estudio do estado actual da zona e dos resultados previsibles como consecuencia da concentración, no que, cando menos, constarán os seguintes extremos:

a) Grado de división, dispersión e situación xurídica das parcelas en relación coas explotacións agrarias en actividade na zona.

b) Descrición dos recursos naturais con referencia especial ás terras abandonadas ou con aproveitamentos inadecuados.

c) Especificación das explotacións agrarias, lugares acasados e compañías familiares, tendo en conta as superficies levadas por cada unha delas nas distintas formas de tenza, as súas orientacións productivas e o seu nivel de viabilidade económica.

d) Valoración das posibilidades de establecer unha nova ordenación de explotacións con dimensións suficientes e estruturas axeitadas a través da concentración parcelaria.

e) Determinación do grado de aceptación social das medidas transformadoras previstas.

f) Avaliación económica e financeira das inversións necesarias.

Artigo 19

Ós efectos da presente Lei, enténdese por explotación agraria ou lugar acasado o que comprende a casa de labor, edificacións, dependencias e terreos, así como toda clase de gando, maquinaria, apeiros de labranza e instalacións que constitúan unha unidade orgánica de explotación agropecuaria e forestal.

Así mesmo enténdese por dimensión economicamente viable dunha zona a superficie cultivada por un lugar acasado, compañía familiar ou explotación agraria por baixo da que, tendo en conta os cultivos e a produción da mesma, non se pode obter a rentabilidade necesaria que permita un nivel de vida digno a unha familia media.

Capítulo IV

Decreto

Artigo 20

Cando a Xunta de Galicia estime razóns agronómicas e sociais que xustifiquen a concentración, dictará decreto cos seguintes pronunciamentos:

a) Declaración de utilidade pública e interés social e de urxente

execución da concentración parcelaria da zona de que se trate.

b) Determinación do perímetro que se sinala en principio á zona que se vai concentrar, coa salvidade expresa de que pode resultar modificado en definitiva polas inclusións, rectificacións ou exclusións que se acorden de conformidade co artigo 24 e seguintes.

c) Determinación dos prazos de execución, das distintas fases, establecendo, así mesmo, o prazo entre a publicación do decreto e a iniciación dos traballos.

Capítulo V

Bases Provisorias

Artigo 21

En vigor o Decreto de Concentración Parcelaria, a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias realizará os traballos precisos en orde a prepara-los documentos que permitan establece-las Bases Provisorias cos seguintes datos:

a) Delimitación do perímetro da zona e dos subperímetros cultivados, cultivables e forestais, procurando preserva-las masas forestais de especies autóctonas.

b) Proposta de parcelas exceptuadas, excluídas e reservadas.

c) Clasificación de terras e fixación previa, con carácter xeral, dos respectivos coeficientes que haxan

de servir de base para levar a cabo as compensacións que resulten necesarias.

d) Declaración de dominio das parcelas a favor de quen as posúa en concepto de dono, determinación da superficie pertencente a cada un e da clasificación que lle corresponda á citada superficie.

e) Relación de gravames, censos, arrendamentos, e demais titularidades e situacións xurídicas que lle afecten á propiedade, á posesión ou ó disfrute, que quedes determinadas no período de investigación.

f) Aproveitamento de augas de rega, calquera que sexa a súa titulación xurídica.

g) Relación de explotacións agrarias, lugares acasarados e compañías familiares da zona, na que se fará consta-los nomes dos titulares e as terras levadas en explotación referindo superficies, nomes dos propietarios e xeitos de tenza.

h) Determinación da dimensión economicamente viable das explotacións agrarias, lugares acasarados e compañías familiares da zona.

Artigo 22

Unha vez reunidos os datos que permitan establece-las Bases Provisorias e aprobadas pola Xunta Local, realizarase unha enquisa no prazo e xeito determinados no artigo 35.

Para lles da-la máxima difusión ós resultados dos traballos a que este artigo se refire, a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias remitirá ós interesados unha folla resume na que se relacionen: nome e apelidos do titular, e, no seu caso, do cónxuxe, estado civil, natureza xurídica dos bens, situación posesoria, cargas e situacións xurídicas detectadas na fase de investigación, número de parcela e polígono, superficie total de cada unha e a que corresponda a cada clase, así como explotación, lugar acasariado, compañía familiar, ou mellorado (petrucio con mellora de labrar ou posuír) a que pertenzan.

Ós titulares das explotacións existentes na zona remitiránelles unhas follas nas que se relacionen as propiedades que leven nas distintas formas de tenza, e os propietarios a que pertenza cada finca co seu número de parcela e polígono, e coa superficie de cada clase e total.

Artigo 23

1. O perímetro da zona virá delimitado no decreto e coincidirá, como mínimo, cos límites da parroquia.

2. A Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario poderá rectificalo perímetro cando sexa necesario:

a) Polas esixencias do Plan de Obras e Melloras Territoriais.

b) Para adaptalo ós límites de unidades xeográficas naturais.

3. No perímetro ampliado non poderá incluírse soamente unha parte da parcela, agás que medie consentimento do seu titular.

4. O acordo de ampliación e de rectificación será obxecto de enquisa e publicación xuntamente coas Bases da Concentración.

Artigo 24

A condición de bens comunais e a de veciñais en man común non será causa de exclusión das operacións de concentración parcelaria. A través delas procurárase regularizalo seu contorno e dotaráselles de acceso e das melloras xerais de que sexan susceptibles.

Dos bens de dominio público municipal e provincial só quedarán exceptuados os que sexan de servizo público, salvo que soliciten a súa inclusión as entidades locais titulares; a este fin serán requiridas pola Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias en canto se aproben as Bases Provisorias, para que expresen a súa vontade durante o tempo de duración da enquisa correspondente.

Ademais, abrirase información sobre estes extremos na cal se oír a tódolos interesados, ós fins de practicala determinación correspondente. Contra esta determinación, que non constitúe un deslinde no seu sentido técnico, nin prexulga cuestións de propiedade nin de posesión, poderán os particulares utiliza-los recursos pertinentes, sen prexuício do plantexa-

mento perante os propios Organismos ou Tribunais do que máis conveña ó seu dereito.

Artigo 25

Con carácter excepcional, por concorreren circunstancias que económica e agrariamente non reporten beneficios ós titulares da concentración, a Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario, oída a Xunta Local, poderá excluír da mesma aqueles sectores ou parcelas sobre as que concorran as devanditas circunstancias.

Artigo 26

Poderán ser reservadas aquelas parcelas que, por razón de obras ou melloras excepcionais, por servidumes ou serventías, pola súa especial natureza ou emprazamento privilexiado, polo seu valor extra-agrario ou por algunha outra circunstancia insólita, a xuicio da Xunta Local e co acordo favorable do seu Pleno, previo informe da Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, non teñan equivalente compensatorio sen prexuício para o seu titular.

As devanditas parcelas incluíranse nas bases, co indicado carácter, e nos proxectos e acordos serán adxudicadas ós mesmos propietarios que as aportaron.

Estarán suxeitas en todo caso ás deducións por razón de obras inherentes ou necesarias da zona de concentración parcelaria. A aplicación da cuota de deducción

por axuste de adxudicacións fixárase polo Pleno da Xunta Local, previo informe da Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, en función do grado de coincidencia do lote de reemprazo coa parcela de procedencia.

Naqueles supostos en que a finca reservada non fose directamente afectada polas obras inherentes ou necesarias para a concentración parcelaria, o seu propietario poderá optar por conservar íntegra a unidade física, satisfacendo en metálico o importe equivalente á deducción, que se determinará mediante valoración efectuada pola Xefatura Provincial e aprobada pola Xunta Local. Unha vez notificada ó propietario, se persiste na súa opción, ingresará o importe no Fondo de Terras.

Artigo 27

1. As terras aportadas á concentración agrúpanse por clases e cultivos, segundo criterios edafolóxicos e productivos, asignándoselle a cada clase un valor relativo, ó efecto de levar a cabo as compensacións que resulten necesarias.

2. Na clasificación das parcelas observaranse as seguintes normas:

a) As augas presumírase que son parte integrante da finca onde nacen.

No caso de que procedan de manantiais que teñan a súa orixe fóra da parcela regada, o propietario das devanditas poderá optar entre que se integren na mesma ou

que queden separadas e independentes.

En todo caso, o interesado acreditará a adquisición do seu dereito mediante o título formal ou material correspondente.

b) A tódalas parcelas asignaráselles en Bases Provisorias o valor que resulte da súa clasificación conforme ó párrafo primeiro deste artigo.

Artigo 28

As augas utilizadas de forma permanente para a rega das fincas reseñaranse claramente nos planos, coa expresión de manantiais, canles públicas e privadas, servidumes ou serventías e superficie regada coa delimitación do seu perímetro.

Capítulo VI

Bases Definitivas

Artigo 29

Finalizada a enquisa de Bases Provisorias e introducidas nelas as modificacións que procedesen, á vista do resultado daquela, a Xunta Local aprobará as bases, que serán publicadas e terán carácter definitivo.

Capítulo VII

Proxecto

Artigo 30

Firmes as bases, a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias,

coa colaboración da Xunta Local, procederá á preparación do proxecto de concentración que constará dun plano no que sobre as antigas parcelas se reflexe a nova distribución da propiedade, relación de propietarios na que, con referencia ó devandito plano, se indiquen as fincas que nun principio se lle asignan a cada un; relación de explotacións agrarias e terras que lles corresponden nos distintos modos de tenza con enumeración dos donos de cada lote asignado e de servidumes prediais que, no seu caso, haxan de establecerse segundo as conveniencias da nova ordenación da propiedade.

Así mesmo, confeccionarase un prorrateo de augas, que deberá ir acompañado dun plano no que, sobre as fincas de reemprazo, se reflexen as áreas regables e a nova rede de acequias.

Este proxecto terá carácter provisorio, aprobarase pola citada Xefatura Provincial, previo informe favorable da Xunta Local, e será sometido a enquisa na maneira e prazos establecidos no artigo 35.

Artigo 31

As parroquias serán titulares dun Fondo de Terras, que se creará en cada zona que se vaia concentrar, e que se nutrirá con sobrantes das adxudicacións dos lotes de reemprazo e con toda clase de aportacións ou adquisicións, mobles, inmobles ou dereitos, que por calquera título se lle fagan ó mesmo.

As parroquias estarán lexitimadas, a tódolos efectos, para adquirir, rexe, administrar e dispoñer dos bens do antedito Fondo. Mentres non se regule a parroquia con personalidade xurídica propia, asumirá esta titularidade a Comunidade Autónoma de Galicia, que delegará na Xunta Local a xestión e administración do Fondo. Rematada a concentración e desaparecida a Xunta Local, seguirá desempeñando estas funcións delegadas a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias.

Artigo 32

Os dereitos, bens e terras que constitúen o Fondo destinaranse á corrección de erros manifestos, dos que se deriven prexuícios para os afectados pola concentración; ás melloras e equipamentos colectivos no senso máis amplo; a mellora-las explotacións existentes, procurando promocionar aquelas que non acadando a dimensión economicamente viable poidan demostrar a súa futura eficiencia económica; á creación de novas explotacións con dimensións e estruturas axeitadas, para o que se atenderá con preferencia ós emigrantes retornados á parroquia que así o manifesten e o acrediten.

Para a corrección de erros o prazo será de un ano, que se contará desde que o Acordo de Concentración sexa firme. Transcorrido o devandito prazo, a adxudicación de fincas reflexarase

nunha acta complementaria da de Reorganización da Propiedade e inscribírase no Rexistro a favor do adxudicatario.

Capítulo VIII

Acordo

Artigo 33

1. Á vista do resultado da enquisa do proxecto definitivo citado no artigo anterior, a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias redactará o acordo de nova ordenación da propiedade, que se axustará estritamente ás bases.

Na medida en que o permitan as necesidades da concentración, teranse en conta as circunstancias que, non quedando reflexadas na clasificación de terras, concorran no conxunto das aportacións de cada participante, así como tamén o prorrateo de augas.

2. O acordo aprobarase pola Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario, previo informe favorable da Xunta Local, e será publicado do xeito que determina o artigo 36.

Artigo 34

As aportacións de terras polos participantes na concentración parcelaria están suxeitas ás deducións seguintes:

1.— Ata un tres por cento para o axuste das adxudicacións das fincas de reemprazo.

2.— Ata un seis por cento para realizar, en beneficio da zona de concentración parcelaria, as obras precisas a que se refire o artigo 59, número 2.

Tales deducións deberán afectar na mesma proporción a tódolos participantes da concentración.

Capítulo IX

Publicacións e comunicacións

Artigo 35

As enquisas sobre as bases e proxectos de concentración ás que se refiren os artigos 22, 23 e 30 e concordantes, abranse mediante avisos insertos por oito días no Taboleiro de Anuncios do Concello e ademais nos lugares de costume das parroquias, facendo público que estarán expostos os documentos correspondentes nos prazos que se sinalan neste artigo.

A exposición das bases, proxectos e calquera outro extremo do expediente que a Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario decida publicar, realizarase simultaneamente nos Concellos, nas Cámaras Agrarias Locais e nun ou varios locais das parroquias afectadas designados pola Comisión Permanente da Xunta Local, e neles garantirase o libre acceso de tódolos interesados por un mínimo de tres horas ó día.

Esta exposición farase por tempo de quince días, susceptibles

de prórroga pola Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, previa petición da Comisión Permanente da Xunta Local.

Durante estes prazos os interesados poderán formular por escrito ou verbalmente, se así o prefiren, as observacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Artigo 36

Unha vez aprobadas as Bases Definitivas e o Acordo de Concentración, publicaranse pola Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, mediante aviso inserto por unha soa vez no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia* e no diario de maior circulación da mesma, así como por oito días no Taboleiro de Anuncios do Concello, e nos lugares habituais da parroquia, advertindo que os documentos estarán expostos durante trinta días que contarán desde o seguinte á inserción do último aviso e que, dentro do citado prazo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 37

Tódalas comunicacións que teñan que dirixirse ós titulares de explotacións, propietarios, titulares de dereitos reais e situacións xurídicas e, en xeral, ás persoas afectadas polos traballos de concentración parcelaria, faranse, en todo caso, persoalmente, ó domicilio dos interesados, sen prexuízo

cio das que se poidan realizar por medio de Edictos e da súa inserción nos Taboleiros de Anuncios do Concello, lugares de costume da parroquia e no *Boletín Oficial da Provincia*, os que surtirán os mesmos efectos que as Leis lles atribúen ás notificacións e citacións.

Artigo 38

Cando as persoas afectadas pola concentración promovesen individualmente reclamacións ou interpuxesen recursos, as incidencias duns e outros entenderanse persoalmente co reclamante ou recorrente. A este efecto deberán de expresar no escrito no que se promova a reclamación, un domicilio dentro do término municipal de que se trate e, no seu caso, a persoa residente no mesmo a quen teñan que facerse as notificacións.

Capítulo X

Revisión

Artigo 39

A revisión de oficio dos actos administrativos dictados en materia de concentración parcelaria axustarase ó disposto na lexislación sobre procedemento administrativo.

Artigo 40

Contra as Bases Definitivas e o Acordo de Concentración Parcelaria poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Agri-

cultura, Pesca e Alimentación, dentro do prazo de trinta días, contados na maneira que determina o artigo 36.

Artigo 41

1. O Acordo de Concentración só poderá ser impugnado en alzada se se infrinxen as formalidades prescritas para a súa elaboración e publicación ou se non se axustase ás bases a que se refire o artigo 21.

2. Os recursos poderán ser interpostos polos titulares dun dereito subxectivo ou dun interés directo, persoal e lexítimo no asunto que os motive.

3. Durante o término sinalado para recorrer, o expediente estará de manifesto e á disposición dos interesados, para que estes poidan examinalo e formular, no mesmo escrito no que interpoñan a alzada, as alegacións que conveñan ó seu dereito.

4. Os recursos de alzada serán preceptivamente informados pola Xunta Local.

Artigo 42

1. Transcorridos tres meses desde a interposición dun recurso de alzada sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado e quedará expedita a vía procedente.

2. De recaer resolución expresa, o prazo para formula-lo recurso que proceda contarase desde o día seguinte á notificación da mesma.

Artigo 43

1. Esgotada a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, que só será admisible por vicio substancial no procedemento e por eiva na apreciación do valor das fincas, sempre que a diferenza entre o valor das parcelas aportadas polo recorrente e as recibidas despois da concentración supoña, cando menos, prexuício da sexta parte do valor das primeiras.

2. O fallo do recurso contencioso-administrativo executarase, no posible, de xeito que non implique prexuício para a concentración.

Capítulo XI

Execución do acordo

Artigo 44

Rematada a publicación do Acordo de Concentración, e sempre que o número de recursos presentados e pendentes non exceda do seis por cento dos titulares das explotacións ou non representen os reclamantes máis do dez por cento da superficie concentrada, a Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario poderá dar, e os adxudicatarios esixila, posesión provisoria das novas fincas, sen prexuício das rectificacións que procedan como consecuencia dos recursos que prosperen.

Artigo 45

O Acordo de Concentración poderá executarse, previo apercebimento persoal por escrito, mediante compulsión directa sobre aqueles que se resistisen a permiti-la toma de posesión das fincas de reemprazo dentro dos términos e nas condicións previamente anunciadas pola Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario.

Desde que os participantes reciban da Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario a posesión provisoria ou definitiva das fincas de reemprazo, gozarán, fronte a todos, dos medios de defensa establecidos nas leis.

Artigo 46

Dentro dos trinta días seguintes á data en que as fincas de reemprazo se poñan á disposición dos participantes para que tomen posesión delas, os interesados poderán reclamar, acompañando dictame pericial, sobre diferencias superiores ó dous por cento entre a cabida real das novas fincas e a que conste no título ou no expediente de concentración. Se a reclamación fose estimada, a Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario poderá, segundo as circunstancias, rectificalo Acordo, compensar ó reclamante con cargo ó Fondo de Terras ou, se isto último non fose posible, indemnizalo en metálico.

Título IV

Efectos e conservación da concentración

Artigo 47

A entrada en vigor do Decreto a que se refiren os artigos 15 e 21, faculta á Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias para realizar as obras que ela mesma aprobe, chantar marcos ou sinais, convocar reunións, recabar datos precisos para a execución da concentración, establecer plans de cultivos e ocupacións temporais de fincas entrementes se tramita o expediente. Desde a devandita entrada en vigor, calquera obra ou mellora requirirá a previa autorización da referida Xefatura Provincial, que no caso de non concedela dictará resolución motivada. Tamén os propietarios e cultivadores terán a obriga de coidar e cultivar as fincas.

Os que cometan calquera infracción resultante do anteriormente disposto incorrerán en multas, que serán impostas previo expediente tramitado pola citada Xefatura Provincial con audiencia do interesado e informe da Comisión Permanente da Xunta Local. Así mesmo, poderán ser excluídos dos beneficios individuais que con motivo da concentración poidan ser concedidos pola Consellería.

Artigo 48

1. A inclusión dunha parcela na concentración dá lugar, mentres dure o procedemento correspon-

dente, á extinción do retracto de colindantes, do dereito de permuta forzosa e demais de adquisición que se outorguen por lei para evita-los encravados ou a dispersión parcelaria, agás que a demanda fose interposta antes da inclusión.

2. Sen embargo, se algunha parcela comprendida na zona fose logo obxecto de exclusión, o prazo para interpoñer-la demanda comenزارá novamente desde o seguinte día en que o titular do dereito tivese ou debese ter coñecemento do acordo de exclusión.

Artigo 49

As resolucións dictadas no expediente de concentración parcelaria non quedarán en suspenso polas cuestións xudiciais que se plantexen entre particulares sobre os dereitos afectados pola mesma.

Artigo 50

Será potestativo dar efecto no expediente de concentración ás transmisións ou modificacións de dereitos que se comuniquen despois de comenzada a publicación das bases, e o adquirente quedará sub-rogado no lugar e posto do anterior, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do procedemento da concentración, segundo o artigo 2.

Antes que sexa firme o Acordo de Concentración, os interesados poderán propoñer permutas de fincas de reemprazo, que serán aceptadas sempre que, a criterio da

Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, non haxa prexuício para a concentración e, en tal caso, a situación resultante recollerase na Acta de Reorganización da Propiedade.

Artigo 51

Rematada a concentración, a división ou segregación dunha finca rústica non será válida cando dea lugar a parcelas de extensión inferior á unidade mínima de cultivo establecida conforme ó disposto no artigo 3.2, e, polo tanto, non poderá ser obxecto de ningún dos auxilios ou beneficios que a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poida conceder para a mellora das explotacións.

Artigo 52

Non será válida a división ou segregación de fincas de reemprego, agás nos seguintes casos:

a) Cando se trate de disposición en favor de propietarios de fincas colindantes, sempre que como consecuencia da división ou segregación non resulte maior número de predios inferiores á unidade mínima a que se refire o artigo 3.2.

b) Se a porción segregada se destina de modo efectivo, dentro do ano seguinte, a calquera xénero de edificación ou construción permanente, a fins industriais, vivenda ou a outros de carácter non agrario.

As parcelas afectadas por un planeamento urbanístico, proxecto de urbanización ou de reparcelación, suxeitaranse ás normas que a tal efecto sinale a lexislación do solo e urbanismo.

Título V

Capítulo I

Procedementos especiais e simplificados

Artigo 53

1. Acordada a concentración, e sempre que as circunstancias da zona o permitan, poderá ser facultada a Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario para que, previo informe da Xunta Local, simplifique o procedemento ordinario, refundindo, total ou parcialmente, por unha parte, as Bases Provisorias co proxecto e, por outra, as Bases Definitivas co Acordo de Concentración que, unha vez aprobados polos órganos competentes, serán obxecto dunha única publicación. O Proxecto será único e tanto este coma as Bases Provisorias someteranse á mesma enquisa.

2. O procedemento simplificado ó que se refire o número anterior poderá ser aplicado, ben en zonas de pequena extensión ou de reducido número de explotacións, ou ben en zonas xa concentradas, ou nos supostos especiais previstos nos artigos seguintes.

Artigo 54

1. Cando, a consecuencia de cambios experimentados nas explotacións agrarias ou na infraestructura dunha zona xa concentrada, se considere que poden mellorarse substancialmente as estruturas mediante unha nova concentración daquelas, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación queda facultada para acordala, previo informe do Concello ou da Cámara Agraria Local interesados, observándose, en canto á solicitude e procedemento, o disposto nos artigos 15 e seguintes, sen prexuício do disposto no número 2 do artigo anterior.

2. A zona obxecto de nova concentración poderá comprender dúas ou máis zonas ou parroquias xa concentradas, ou parte delas, podendo incluírse, se se considere conveniente, sectores ou parcelas anteriormente excluídas.

Artigo 55

Se a concentración se promove-se polas causas previstas no artigo 17, número 2, letra a), observaranse as normas do procedemento simplificado referido ó artigo 53, coas seguintes particularidades:

1.— A entidade concesionaria, a instancia da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, determinará, con referencia a un plano, as parcelas ou aquela parte delas que haberá de ocupar a gran obra pública proxectada, con expresión detallada da superficie.

2.— Previo estudio, no que se terá en conta o trazado e a superficie que vai ocupa-la citada obra pública, a Consellería, se procede, realizará a concentración aprobando o decreto, no que se determine o perímetro da zona e se expresen tódolos gastos que a mesma orixine. A redución, para obter-los terreos que vai ocupa-la gran obra pública, non será superior á quinta parte do perímetro da zona.

3.— A superficie total que ocupará a gran obra pública obterase por redución proporcional das aportacións dos participantes. Ademais desta redución aplicaranse as que prevé o artigo 34.

4.— A entidade concesionaria valorará, para fixa-la indemnización, as parcelas que se van ocupar, ben por convenios cos afectados ou ben polos medios establecidos na lexislación sobre expropiación forzosa. A estes efectos, rexeitarase a clasificación prevista no artigo 27 e demais disposicións do procedemento de concentración.

5.— No proxecto asignaráselle a cada participante o valor que resulte da súa aportación, coas reducións sinaladas no número 3 deste artigo.

6.— Unha vez coñecida, na enquisa das Bases Provisorias e proxectos, a valoración indemnizatoria da entidade concesionaria, os propietarios poderán optar por recibir de inmediato o seu importe en metálico. Neste caso, a superfi-

cie das parcelas indemnizadas destinárase a mitiga-la redución proporcional das aportacións, sinalada no citado número 3 do presente artigo.

7.— A ocupación dos terreos para a execución da gran obra pública levarase a efecto no Acordo; non obstante, a entidade concesionaria poderá ocupalos a partir do momento en que sexan aprobadas as Bases Provisorias. Neste caso, incluíranse nelas os convenios co afectados dirixidos a obter unha garantía suficiente na execución dos traballos de concentración.

8.— As indemnizacións resultantes da valoración da entidade concesionaria distribuíranse entre tódolos participantes, en proporción á detracción do valor aportado á concentración.

9.— A superficie ocupada pola gran obra pública adxudicárase a nome da entidade concesionaria.

Artigo 56

Se a concentración se promove-se polas causas previstas no artigo 17, número 2, letras b) e c), observarase as normas sinaladas nos artigos 53 e 55 coas seguintes particularidades:

A entidade concesionaria, a instancia da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, determinará, con referencia a un plano, as parcelas que ocupará a gran obra pública con expresión detallada da superficie, nome do seu propietario, valor fixado a efectos de

expropiación e número de explotacións que haberán de desaparecer por mor da citada obra. Tales datos serán obxecto de información pública e, á vista do seu resultado, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará, se procedese, a concentración polo procedemento previsto no citado artigo 17, número 2, letras b) ou c).

Capítulo II

Concentracións de carácter privado

Artigo 57

Cando dous ou máis propietarios integrados en explotacións independentes, mediante permuta ou por calquera outro título, agrupen fincas cunha superficie que sexa como mínimo de media hectárea en cultivos intensivos e horta, unha hectárea en labradío ou prado e tres hectáreas en monte, os gastos correspondentes ó outorgamento de escrituras, inscricións rexistras e outros lexítimos, correrán a cargo da Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario.

Artigo 58

Cando un mínimo de tres agricultores con explotacións individualizadas constitúan unha agrupación para a concentración parcelaria das súas fincas rústicas e desexen acollerse ás avantaxes que outorga esta Lei, deberán reuni-las condicións seguintes:

1.— A superficie que se vai concentrar será como mínimo: de cinco hectáreas en zonas de cultivos intensivos e de horta; de trinta hectáreas noutros terreos, sempre que o monte non supere o trinta por cento da superficie. Se superase esta porcentaxe, a superficie será de setenta e cinco hectáreas.

2.— A superficie constituída polos enclaves dos propietarios alleos á agrupación non poderá ser máis do dez por cento da superficie que se vai concentrar.

3.— A agrupación de propietarios acreditará de modo suficiente o dominio das terras correspondentes a cada un deles, delimitará o perímetro da superficie que se vai concentrar, especificará as cargas e gravames de todas e cada unha das fincas e acompañará un plano no que sobre as parcelas de procedencia se reflexe a nova distribución da propiedade e a copia da Acta de Reorganización. Esta acta, coas respectivas documentacións, seranlle remitidas á Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, que as verificará e examinará estimándolas como Bases Definitivas, Acordo e Acta de Reorganización.

Artigo 59

A Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias remitiralle o expediente coa documentación á que se refire o artigo 68.3, debidamente informado, á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, que poderá aprobar e conceder-lle os seguintes beneficios:

1.— Abono dos gastos ocasionados con motivo do outorgamento de escrituras, Acta de Reorganización, inscricións no Rexistro da Propiedade, honorarios que teña dereito a percibi-lo equipo técnico que levou a cabo os traballos de concentración, e os de redacción dos proxectos de obras e melloras previstas no artigo 63.

2.— Realización de tódalas obras e melloras previstas nos proxectos técnicos da referida concentración.

3.— Os demais beneficios previstos nesta Lei.

Para o cálculo dos gastos que se deban abonar e das obras e melloras que se deban realizar teranse en conta os coeficientes medios de gastos e inversións por hectárea concentrada no último ano.

Artigo 60

Tódolos gastos indicados no artigo anterior, debidamente xustificados, terán preferencia para o seu abono nos programas de inversións que vai realiza-la Dirección Xeral ó ano seguinte ó da asinatura da Acta de Reorganización da Propiedade.

Título VI

Obras e melloras territoriais

Artigo 61

1. Correspóndelle á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación a aprobación do Plan de

Obras e Melloras Territoriais a que se refire o artigo 63.1.

2. Cando no plan se inclúan obras e melloras das sinaladas no artigo 64 ou outras que non sexan financiadas con cargo ó presuposto da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, a aprobación corresponderalle á Xunta de Galicia, que, por decreto adoptado a proposta das Consellerías afectadas, sinalará expresamente a quen lle corresponde a financiación e a execución.

Artigo 62

1. A partir da entrada en vigor do decreto declarando de utilidade pública e interés social a concentración parcelaria dunha determinada zona, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, en calquera fase do procedemento, poderá ocupar temporalmente calquera terreo da mesma que sexa preciso para dotar ás novas fincas da axeitada rede de camiños ou para realizar traballos relacionados coa concentración.

A ocupación temporal dos anteditos terreos rexerese, en canto á indemnización que haxa de se satisfacer ós propietarios afectados, polos preceptos da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954.

2. Cando para a realización da obra e mellora resulte necesaria a expropiación forzosa de terreos non suxeitos a concentración, a Consellería poderá utilizar, ó

expresado fin, o procedemento urxente establecido no artigo 52 da mesma Lei. O acordo do Consello de Ministros, a que se refire este precepto, entenderase substituído polo decreto da Xunta de Galicia que declare de utilidade pública a concentración parcelaria.

Para que a Consellería poida facer uso da facultade expropiatoria que lle atribúe este artigo será preciso que a necesidade da expropiación se expuxese e razoase no Plan de Obras e Melloras Territoriais ou que, se a necesidade xurdiu con posterioridade a tal aprobación, se obteña da referida Consellería a autorización correspondente.

3. Cando se trate de terreos suxeitos a concentración, os seus propietarios non serán indemnizados en metálico, senón que o valor daqueles computarase nas bases, sen prexuício das demais indemnizacións e garantías establecidas no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

Artigo 63

As obras que realizará a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación nas zonas de concentración parcelaria poderanse clasificar nos seguintes grupos:

1) Obras e melloras inherentes ou necesarias para a concentración parcelaria, considerando como tales:

a) Rede de camiños rurais, coas súas obras de fábrica anexas, sane-

amento de terras, roturamento de montes, para o seu destino ou cultivo, eliminación de accidentes naturais e artificiais que impidan o cultivo axeitado dos lotes de reemprazo, nivelacións e outros traballos de conservación do solo.

b) Acondicionamento de regadíos xa existentes, canalización de augas e defensa de marxes, todo iso sen prexuício do disposto no artigo 64.

c) En xeral, aquelas obras e melloras que beneficien as condicións agrarias e ecolóxicas da zona ou teñan por obxecto corrixir defectos de infraestrutura.

2) Obras complementarias, incluíndose neste grupo as seguintes:

a) Cortellos, instalacións para o gando, implantación de pradeiras e pasteiros, valados e repoboación forestal nas áreas correspondentes.

b) Almacéns para maquinaria agrícola, materias primas ou produtos agrarios, así como instalacións para industrialización e comercialización destes produtos.

c) Mellora de acequias de rega, implantación de diversas técnicas de regadío, investigación e captación de augas subterráneas e novos regadíos.

d) Abastecemento de augas, redes de saneamento, aproveitamento comunitario de enerxías alternativas e electrificación de

núcleos rurais coa potencia axeitada ás súas necesidades.

e) Calquera outra mellora permanente que redunde en beneficio de tódolos labregos da zona ou dalgún grupo deles.

Artigo 64

1. Poderán ser incluídas nos Plans de Obras e Melloras Territoriais, do xeito previsto no artigo 61.2, as seguintes:

a) Grandes vías de comunicación xeral, canalización de ríos, presas, diques de defensa, consolidación de terreos, redes de acequias e sumidoiros principais e os seus camiños de servio. Consideraranse a estes efectos como acequias principais as que teñan na súa toma un caudal superior ó preciso para a rega de máis de duascenas cincuenta hectáreas.

b) Redes de alta tensión e custos mineiros.

c) Obras de competencia doutras Consellerías que teñan a financiación incluída nos seus presupostos.

d) Obras aprobadas en Plans Xerais da Xunta e que poidan integrarse, total ou parcialmente, no Plan de Obras e Melloras Territoriais.

2. A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer convenios coas Deputacións, Concellos e outros Organismos para incluír nos Plans de Obras e

Melloras Territoriais aquelas que sexan competencia deles e que beneficien a zona de concentración. A aprobación do convenio corresponderalle á Xunta no suposto do artigo 61.1.

3. Para a execución das obras establecerase un Plan coordinado entre a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación e as entidades que colaboren na súa financiación e execución.

4. O Plan coordinado sinalará o anteprojecto xeral e por sectores das obras, a enumeración destas, a relación das que lle correspondan a cada Organismo ou Entidade colaboradora mediante anotacións axeitadas, orde e ritmo a que se deberán adapta-los proxectos de execución das obras integrantes do Plan coordinado.

5. No suposto ó que se refire o artigo 61.2 o establecemento do Plan coordinado corresponderalle á Xunta.

Artigo 65

O importe das obras inherentes ou necesarias para a concentración ás que se refire o artigo 63.1, financiarao a Xunta a través da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación.

As obras complementarias a que se refire o artigo 63.2 proxectaranse, executaranse e sufragaranse do xeito, maneira e coas garantías que se fixen regulamentariamente. En todo caso, estarase ó disposto no artigo 61.2.

Artigo 66

1. Os proxectos de obras a que se refire o artigo 63, axustaranse na súa redacción ó correspondente Plan de Obras e Melloras Territoriais e aprobaranse pola Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario.

Unha vez aprobados, serán obxecto de publicación nos lugares de costume das parroquias e no Concello ó que pertenza a zona, para información dos afectados.

A contratación axustarase ós trámites administrativos previstos na lexislación pertinente.

2. Os proxectos de obras incluídos no artigo 63.2 serán, así mesmo, obxecto de publicación, a fin de que os labregos, cooperativas ou outras entidades interesadas poidan, con coñecemento dos precios e demais condicións da operación, deducir a solicitude correspondente, asumilo compromiso e presta-las garantías que se sinalen.

Artigo 67

1. O acordo da Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario de entregar unha obra executada por ela conforme ó artigo 55 e incluída nos seus plans, constitúe un acto administrativo recorrible polas persoas ou entidades que se deban facer cargo dela, no caso de que a obra non se axeite ós proxectos correspondentes ou non se entregase a quen corresponda. Tal acordo da citada Direc-

ción Xeral será inmediatamente executivo e dará lugar ó nacemento de tódalas obrigas dimanantes da entrega.

2. Dentro dos sesenta días contados desde o seguinte ó da notificación do acordo, poderase interpoñer recurso ante a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, resolución que poñerá término á vía governativa. A notificación será sempre persoal cando a obra deba ser entregada a unha soa persoa ou entidade.

3. A resolución dos recursos ós que se refire este artigo, determinará, se procede, a diminución proporcional do precio ou a execución das reformas precisas a expensas da Consellería. Se os defectos da obra a fan absolutamente inaxeitada para o uso ó que se destina, acordarase, a petición do recorrente, a resolución do compromiso por el asumido.

4. Firme o acordo, no momento en que se lles notifique formalmente ós interesados, reputarase feita a entrega das obras e transmitido o dominio.

Artigo 68

1. A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá adscribir e utiliza-lo equipo necesario para cooperar a unha axeitada conservación das obras de calquera clase incluídas nos seus plans mediante convenios coas Deputacións, Concellos, Cámaras Agra-

rias e Agrupacións de Agricultores, nos que se determinará o xeito de presta-lo servizo e reembolsalos gastos que ocasione.

2. Os que destrúan, estraguen ou fagan mal uso de calquera obra incluída nos plans de concentración parcelaria incorrerán en multa. A autoridade competente, a proposta da Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias, determinará a contía da multa en consideración ó dano causado.

3. As demais normas relativas á conservación de obras, segundo as súas diferentes clases, serán dictadas mediante disposicións especiais de rango adecuado.

Artigo 69

As Deputacións, Concellos, comarcas, parroquias e outras entidades territoriais de ámbito local ás que haxa de entregarse a propiedade da rede de camiños rurais, comprometeranse formalmente a consignar nos seus presupostos os recursos necesarios para a súa conservación. A este fin poderán destinarse ingresos provenientes do Fondo de Terras.

Artigo 70

A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá contrata-la concentración parcelaria con empresas privadas, que se someterán, en todo caso, á intervención, á inspección, seguimento e control da devandita Consellería ou órgano no que delegue.

A Xunta Local seguirá os traballos da empresa contratante e poñerá en coñecemento da Consellería calquera anomalía que observe para que poida ser inmediatamente corrixida. A Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias virá obrigada a facer un informe do resultado dos traballos en cada unha das fases a que se refire o artigo 15 e a comunicalo á Xunta Local.

Disposición adicional primeira

Nas materias non reguladas expresamente nesta Lei e que non estean en contradicción coa mesma, aplicarase o disposto na Lei de Reforma e Desenvolvemento Agrario, texto refundido aprobado polo Decreto 118/1983, do 12 de xaneiro de 1973, e disposicións complementarias.

Disposición adicional segunda

En todo o relativo ó Dereito Civil non recollido na Compilación Galega, Dereito Procesal, Hipotecario Notarial e Rexistral, reixerá a lexislación vixente do Estado.

As competencias que en materia de concentración parcelaria aparecen atribuídas na devandita lexislación estatal ó Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario e non estean conferidas pola presente Lei a outro órgano ou servizo territorial da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, quédanlle atribuídas á Dirección

Xeral de Planificación e Desenvolvemento Agrario, e as que naqueles textos lle correspondían ó Ministerio de Agricultura, exerceraas a aludida Consellería.

Disposición adicional terceira

En todo o referente á expropiación forzosa, entenderase que a Comunidade Autónoma Galega sempre ten competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, de conformidade co artigo 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Disposición adicional cuarta

A Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias comunicarlles á Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e á Consellería de Educación e Cultura a iniciación da concentración e, no posible, o perímetro de zona que se vai concentrar, a efectos de identificación, así como para examinar, preservar e conservar algunha obra, monumento ou vestixio que poida ter interese histórico, artístico ou monumental.

Do mesmo xeito farase esta comunicación ás Direccións Xerais de Producción Forestal e Medio Ambiente Natural, co fin de que poidan preservar-las especies nobres e autóctonas existentes na zona que se vai concentrar.

Disposición transitoria

As modificacións que introduce o presente texto legal aplicaranse

ós procedementos en curso, sen retroceder nos trámites.

Disposición final primeira

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición final segunda

Publicado o Decreto, a Administración queda obrigada a iniciar as actividades de concentración no prazo máximo de un ano. Se ós dous anos da devandita publicación as actuacións de concentración parcelaria non estivesen na fase de execución do Acordo, a Xefatura Provincial terá que emitir un informe xustificativo das causas do retraso á Dirección Xeral e á Xunta Local, tendo que repetir cada ano novo informe ata acadala indicada fase.

Cumpridos os cometidos asignados, as Xuntas Locais quedarán

disoltas e as súas funcións asumidas, se fose preciso nalgún caso, a Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias.

Disposición final terceira

A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación elevará á Xunta, no prazo de seis meses, o Regulamento para o desenvolvemento e execución da presente Lei.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas cantas disposicións se opoñan ás normas contidas na presente Lei.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente